

MPN/plc

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2025 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN.

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar as seguintes modificacións de crédito:

1.-DOTAR CON CRÉDITO A APLICACIÓN 25/942.9420.762.75 ReacPon Porriño 00794 PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DO PORRIÑO AO ABEIRO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REAPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)

PRIMEIRO.- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 28/05/2021, núm. 7.7624, acordou aprobar as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-COVID-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

SEGUNDO.- O 02/08/2021 o Concello do Porriño presentou no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2021030813) unha solicitude de subvención por importe de **645.024,26 euros** para o investimento denominado **“Humanización da Prolongación Antonio Palacios”**, cun orzamento de 860.032,34 euros e cunha achega municipal de 215.008,08 euros.

TERCEIRO.- Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, mediante o acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra núm. 4.7719, de 17/12/2021, aprobouse a concesión das subvencións, excluíndose a solicitude realizada polo Concello do Porriño por canto o proxecto non acadaba o 50% da puntuación total, de conformidade co indicado na base 6.1 da convocatoria.

CUARTO.- O Concello presentou o día 21/01/2022, mediante rexistro núm. 2022001531, un escrito de interposición de recurso de reposición contra o citado acordo plenario aducindo que a resolución administrativa de exclusión da subvención debía ser anulada por ausencia de motivación, como consecuencia da infracción do artigo 35.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), sinalando ademais que cumprían os requisitos para acadar a puntuación mínima esixida.

QUINTO.- Mediante o acordo plenario núm. 8.7751, de 25/02/2022, aprobouse a inadmisión a trámite por extemporáneo do recurso de reposición interposto polo Concello do Porriño contra o acordo núm. 4.7719, de 17/12/2021.

SEXTO.-Na data 13/05/2022 o letrado municipal interpón recurso contencioso-administrativo contra o acordo do Pleno. A través da **sentenza núm. 237/2022 de data 24/10/2022, do Xulgado do Contenciosos-Administrativo núm. 2 de Pontevedra**, anúlase e revógase a resolución impugnada, e acordase a retroacción das actuacións para os efectos de que a Deputación dite nova resolución que resolva de conformidade a dereito.



SÉTIMO.- Con posterioridade, en sentenza núm. 00059/2023 de data 10/03/2023, a Sección 3ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestima o recurso de apelación núm. 7017/2023 contra a devandita sentenza núm. 237/2022 de 24/10/2022.

Finalmente, contra esta sentenza, que non era firme, a Deputación de Pontevedra desiste da interposición de recurso de casación establecido no artigo 86 e ss. da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

OITAVO.- Na data 13/01/2025, mediante rexistro núm. 2025000446, o Concello do Porriño remite escrito de alegacións fronte á previa resolución do recurso de reposición presentado, reuníndose así en data 05/02/2025 a Comisión de persoas expertas do programa que, tras estudar novamente o devandito proxecto, prestan conformidade ao outorgamento dunha puntuación que ascende a 52,37 puntos, polo que do exame obxectivo e rigoroso do proxecto técnico dedúcese que cumpre os requisitos técnicos esixidos para ser considerado subvencionable ao superar o 50% da puntuación total esixible por bases.

CONCLUSIÓN

Á vista do anterior, a Deputación de Pontevedra debe conceder unha subvención de 645.024,26 € para a actuación denominada **“Humanización da Prolongación Antonio Palacios”**, cun orzamento de 860.032,34 €, para o que é necesario a incoación dun expediente **de modificación de crédito** para dotar con **645.024,26 €** a aplicación orzamentaria **25/942.9420.762.75 ReacPon Porriño_00794**

2.- DOTAR CON CRÉDITO, 6.000,00€, A APLICACIÓN 25/942.9431.789.02 PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS PIUEIRO (G-94164167) PARA LEVAR A CABO O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CULTURAL DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS PIUEIRO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CARRO DE ARRASTRE PARA O DESPRAZAMENTO DE EMBARCACIÓN TRADICIONAL, QUE SE REALIZARÁ NO ANO 2025

A Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro é unha entidade sen ánimo de lucro, cuxo principal obxectivo é a recuperación, conservación e difusión do patrimonio relacionado coa vida do mar.

É obxecto deste convenio financiar a construción dun carro para subir a embarcación tradicional que posúe esta asociación do mar a terra.

Este carro tamén permite o desprazamento da embarcación tradicional en época de inverno para facer visitas aos centros escolares da provincia. Para elo, o carro contará cuns reforzos na súa contorna (a modo de pasarela) para facilitar a súa visitabilidade.

Trátase dun convenio cun encadramento claro de apoio ás políticas públicas desenvolvidas pola Deputación nos últimos anos, en canto á promoción e desenvolvemento local do territorio provincial fronteirizo con Portugal, aproveitando o feito transfronteirizo como recurso e oportunidade para a mellora social e económica da poboación dos municipios que dito territorio transfronteirizo abranxe.

Polo antedito, solicítase a tramitación dun expediente de modificación de crédito polo que se dote con **6.000,00 euros** á aplicación orzamentario **25/942.9431.789.02**.



3.- DOTAR CON CRÉDITO, 15.000,00 €, A APLICACIÓN 25/942.9431.489.01 PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN PONTE... NAS ONDAS! (G-36350015) PARA LEVAR A CABO UN CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DE OBRADOIROS DE RADIO E PODCASTS EN CENTROS EDUCATIVOS TRANSFRONTEIRIZOS E A CELEBRACIÓN DO “DÍA INTERNACIONAL DO PATRIMONIO”

PNO é unha Asociación Cultural e Pedagóxica que, desde 1995, realiza actividades educativas e culturais en Galicia e o norte de Portugal. Entre os fins da asociación están a promoción de actividades culturais e pedagóxicas así como a promoción da identidade común dos dous pobos dentro dunha perspectiva xeral de integración europea e do mundo lusófono.

Desde 2015 é unha ONG acreditada pola UNESCO para o Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI), a única entidade recoñecida en Galicia. No ano 2022 a UNESCO recoñeceu e inscribiu o “modelo Ponte...nas ondas! de boas prácticas co patrimonio cultural inmaterial galegoportugués” a instancias de Portugal e de España co apoio da Xunta de Galicia.

O convenio de colaboración a asinar con esta entidade por parte da Deputación de Pontevedra consiste na realización de dúas activades ligadas pero de realización independente: A realización duns obradoiros de radio e podcasts sobre PCI que se desenvolverán en centros educativos do sur da provincia; e a celebración do “Día Internacional do Patrimonio” na que se desenvolverá un acto público cunha emisión por radio e internet e cunha actuación musical e un condutor do acto.

O desenvolvemento da colaboración xustifícase na protección e difusión do patrimonio cultural inmaterial transfronteirizo mediante a realización de accións que promoven:

- Aumentar a interrelación con persoas, familias e entidades diversas de cara a avanzar e afondar na recollida e estudo do patrimonio cultural histórico inmaterial transfronteirizo.
- Avanzar a posta en valor dos devanditos contidos coa finalidade de poñelos a disposición de toda a sociedade en formatos áxiles e modernos que garantan a máxima flexibilidade e dispoñibilidade para a súa consulta.
- De xeito moi especial, contéplase diversas estratexias de comunicación para dar a coñecer o modelo de Ponte...nas ondas! como boa práctica co PCI.

Os obradoiros realizaranse ao longo do ano 2025, mentres que o acto de celebración do “Día Internacional do Patrimonio” realízase nun día do devandito ano.

Polo antedito, solicítase a tramitación dun expediente de modificación de crédito polo que se dote con **15.000,00 euros** á aplicación orzamentario **25/942.9431.489.01**.



4.- DOTAR CON UN CRÉDITO TOTAL DE 116.037,30€ AS APLICACIÓN S 2025/942.4590.226.06 E 2025/942.4590.227.06, CORRESPONDENDO A CANTIDADE DE 58.018,65€ POR APLICACIÓN, PARA CUBRIR AS NECESIDADES NO DESENVOLVEMENTO E POSTA EN MARCHA DAS DIFERENTES ACTIVIDADES DENTRO DO PROGRAMA +CONVIVIR

A área de Acción Comunitaria, que non dispón como tal dun Servizo específico para a tramitación dos seus expedientes, ten e dispón de crédito orzamentario nas aplicacións vinculadas ao Servizo de Cooperación, ao crearse así no orzamento por entenderse que é o servizo máis idóneo, por afectar a unha área de actividades variadas pero todas elas dirixidas ás comunidades veciñais dos concellos de toda a provincia de Pontevedra.

Así, no marco das competencias da devandita área, co obxectivo de redundar nunha mellora efectiva da calidade de vida veciñal, propónse levar a cabo xornadas de convivencia con actividades destinadas ós veciños de todos os concellos da provincia de Pontevedra, co obxecto de permitir a interacción entre persoas do ámbito preferentemente rural.

Polo tanto, no marco da execución do programa xorden novas necesidades e, polo tanto, gastos previsibles para levar a cabo un bo desenvolvemento do mesmo, que se resumen nos seguintes conceptos:

CONCEPTOS DO PROGRAMA +CONVIVIR	IMPORTE
+CONVIVIR 2025 (IMPORTE NECESARIO PARA REALIZAR O PROXECTO)	16.037,30 €
+CONVIVIR NENOS	30.000,00 €
GASTOS DIVERSOS ANUAIS	50.000,00 €
GASTOS PARA ENTREGA CARTEIS +AQUA, +NOVAQUA, PLAN PROVINCIA COMUNITARIA (CARTEIS, CATERING, ETC)	20.000,00 €
TOTAL	116.037,30 €

A vista do anterior, para o desenvolvemento e posta en marcha das diferentes actividades dentro do programa +CONVIVIR, solicítase a tramitación dun expediente de modificación de crédito polo que se dote cun total de **116.037,30 euros** as aplicacións orzamentarias **2025/942.4590.226.06** e **2025/942.4590.227.06**, correspondendo a cantidade de 58.018,65€ a cada unha das devanditas aplicacións.



5.- DOTAR CON CRÉDITO, 100.000,00 €, A APLICACIÓN 25/942.1350.789.10 PARA LEVAR A CABO UNHA CONVOCATORIA CUXO OBXECTO É DOTAR DE MATERIAL ÁS AGRUPACIÓNS DE PROTECCIÓN CIVIL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

A Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia define a protección civil como un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para afrontar os riscos ordinarios e riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá.

Dende o servizo de Cooperación xorde a necesidade de solicitar unha modificación de crédito para dotar con 100.000,00 € a aplicación 25/942.1350.789.10 con motivo da creación dunha convocatoria para dotar de material ás agrupacións de Protección Civil da Provincia de Pontevedra.

CONCLUSIÓNS:

Por todo o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 177 e concordantes da Lei reguladora das Facendas Locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo) e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2025, determínase a necesidade de:

1. Dotar con **645.024,26€** a aplicación orzamentaria **25/942.9420.762.75 ReacPon Porriño_00794** para a concesión dunha subvención ao Concello do Porriño para a actuación denominada **“Humanización da Prolongación Antonio Palacios”**, en cumprimento das sentenzas núm. 237/2022 de 24/10/2022, do Xulgado do Contenciosos-Administrativo núm. 2 de Pontevedra e núm. 00059/2023 de 10/03/2023, da Sección 3ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
2. Dotar con **6.000,00 €** a aplicación orzamentaria **25/942.9431.789.02** para a concesión dunha subvención á **Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais “Piueiro”** (G-94164167), para levar a cabo o convenio de colaboración para a construción dun carro de arrastre para o desprazamento de embarcación tradicional.
3. Dotar con **15.000,00 €** a aplicación orzamentaria **25/942.9431.489.01** para a concesión dunha subvención á **Asociación PONTE... NAS ONDAS!** (g-36350015), para levar a cabo un convenio para a realización de obradoiros de radio e podcasts en centros educativos transfronteirizos e a celebración do “Día Internacional do Patrimonio”
4. Dotar con **116.037,30€** as aplicacións **2025/942.4590.226.06** e **2025/942.4590.227.06**, correspondendo a cantidade de 58.018,65€ a cada unha das devanditas aplicacións para cubrir as necesidades no desenvolvemento e posta en marcha das diferentes actividades dentro do **programa +CONVIVIR**.
5. Dotar con **100.000,00 €**, a aplicación **25/942.1350.789.10** para levar a cabo unha convocatoria cuxo obxecto é dotar de material ás **Agrupacións de Protección Civil** da provincia de Pontevedra.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Cooperación, Marina Piñeiro Novo

Conforme, a deputada delegada da Área de Cooperación Local, María Pilar Ramallo Vázquez

INTERVENCIÓN



ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO PARA A CONTRATACION DUNHA ASISTENCIA TECNICA ESPECIALIZADA PARA REALIZAR A CONCILIACION DOS DATOS DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS COS DATOS DA CONTABILIDADE PATRIMONIAL

En decembro de 2017, o Tribunal de Contas aprobou o informe de fiscalización nº 1.259 do patrimonio inmobiliario das Deputacións Provinciais, Cabidos e Consellos Insulares, correspondente ao período fiscalizado 2014-2015. Este informe puxo de manifesto importantes deficiencias na xestión, rexistro e control do inventario de bens inmoebles destas entidades, sinalando incumprimentos normativos, desaxustes contables e carencias na rendición de contas. No caso concreto da Deputación de Pontevedra, identificáronse problemas significativos na conciliación dos saldos do inventario cos balances contables, así como nos procedementos de actualización e comprobación do inventario, o que resaltaba a necesidade urxente de emprender un proceso de regularización integral do patrimonio.

No marco desta fiscalización, o Tribunal de Contas constatou que, aínda que valorou positivamente que a Deputación dispoñía de información sobre o saldo contable inicial da maioría dos bens que conformaban o seu patrimonio, os valores reflectidos nas contas patrimoniais non coincidían cos rexistrados no Inventario Xeral de Bens e Dereitos (en diante, IGBD)

Para solucionar esta situación, a Deputación de Pontevedra deseñou un novo modelo para a xestión patrimonial destinado a garantir unha administración integral do patrimonio provincial, baseado nun novo deseño metodolóxico, a elaboración duns manuais de normas e procedementos para a xestión, a adquisición dunha nova aplicación informática de xestión do IGBD que permita a conciliación coa información contable, e a depuración e actualización dos datos do IGBD.

No ano 2023 a Deputación adquiriu unha nova aplicación informática para a xestión económica e patrimonial da empresa T-SYSTEMS. Esta nova aplicación inclúe o programa de xestión de IGBD "INVENTARIO WEB 2.0" que se integra co programa de contabilidade "GEMA" co obxectivo de optimizar a xestión patrimonial e mellorar a conciliación dos datos. Durante o 2024, o modelo de xestión patrimonial definido foi adaptado ao funcionamento de ambas aplicacións informáticas.

A integración entre ambas as aplicacións permitirá conciliar de maneira efectiva, a partir da súa implementación, as operacións rexistradas IGBD e os saldos contables correspondentes ao exercicio en curso e seguintes.

Con todo, este proceso non poderá aplicarse de forma retroactiva á información contable existente ata a data. Por esta razón, nun esforzo por conciliar os saldos actuais e mellorar a



consistencia da información incorporada na aplicación de Inventario Web 2.0, a Deputación realizou con medios propios un proceso de conciliación entre o IGBD e os saldos contables das contas de inmovilizado. Como resultado deste traballo avanzouse na identificación de discrepancias entre ambos os rexistros que deberán ser regularizadas.

Con todo, para alcanzar unha conciliación completa e efectiva, será necesario realizar unha análise máis detallada por cada conta contable de inmovilizado, así como establecer criterios claros e definir a operativa requirida para resolver as diferencias, considerando a información disponible tanto en GEMA como no INVENTARIO WEB 2.0.

Estas actuacións de regularización buscan garantir que os saldos contables representen a imaxe fiel do patrimonio da Deputación, posibilitando unha axeitada xestión do patrimonio, a toma de decisións en relación co mesmo e, en definitiva, unha xestión patrimonial máis eficiente e transparente.

A actual dotación de medios do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio non permite asumir este traballo de análise detallada con recursos propios, polo que resulta necesaria a colaboración de empresas especializadas para asistir na execución deste traballo.

O carácter técnico deste traballo e a imposibilidade de dispoñer de persoal propio para levala a cabo no curto e medio prazo xustifican a contratación externa dunha asistencia técnica especializada en traballos de conciliación contable-patrimonial de Administracións Públicas, concibido este traballo como unha actuación puntual, dado que a propia integración da aplicación de inventario coa de contabilidade da Deputación garantirá dita conciliación efectiva no futuro.

En definitiva, estas actuacións de regularización buscan garantir que os saldos contables representen a imaxe fiel do patrimonio da Entidade posibilitando a adecuada xestión do patrimonio da Deputación de Pontevedra, a toma de decisións en relación co mesmo e, en definitiva, unha xestión patrimonial máis eficiente e transparente cumprindo coa legalidade vixente.

O obxecto do contrato é a prestación de servizos de asesoramento especializado para a regularización contable e patrimonial dos bens xestionados pola Deputación de Pontevedra, co fin de lograr unha conciliación completa e efectiva entre o IGBD e os saldos contables correspondentes ás contas de inmovilizado. Esta conciliación deberá garantir que os estados financeiros reflectan a imaxe fiel da situación patrimonial da Deputación a data 31 de decembro de 2025, cumprindo coa normativa contable e legal vixente.

O alcance deste traballo inclúe a realización das seguintes tarefas:



- Planificación e coordinación do traballo.
- Estudo das discrepancias entre o Inventario e os saldos contables
- Implementación das propostas
- Informe final de resultados

O custo deste traballo estímase en 80.000,00 €.

Tendo en conta que non existe crédito suficiente para proceder á contratación externa deste traballo especializado, considérase necesario e conveniente dotar de crédito a aplicación orzamentaria 25/922.9330.227.06 (Estudos e traballos técnicos-Patrimonio).

Tendo en conta o artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, que establece que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito suficiente no orzamento da Corporación, o presidente da mesma ordenará a incoación do expediente de suplemento de crédito.

Polo exposto, solicítase a tramitación dun expediente de modificación de crédito para suplementar nun importe de 80.000,00 € a aplicación orzamentaria 25/922.9330.227.06 (Estudos e traballos técnicos-Patrimonio)

Sinaturas electrónica á marxe



ASUNTO	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 02/2025
TRÁMITE	INFORME – PROPOSTA DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE

A xefatura de xestión do Centro Príncipe Felipe co visto e prace da coordinadora do CPF, e da deputada delegada de área, no que a planificación orzamentaria do servizo se refire, elabora o presente **INFORME – PROPOSTA** de suplementación financiada con cargo a remanentes de Tesourería:

OBRA DE REFORMA E ADECUACIÓN DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN, CADRO XERAL DE BAIXA TENSIÓN E GRUPO ELECTRÓXENO NA INSTALACIÓN ELÉCTRICA NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE

A subministración eléctrica do CPF realízase en alta tensión dende dous centros de transformación propios, situados nunha edificación nas proximidades ao campo de fútbol, dende o cal e mediante o cadro de baixa tensión do recinto se distribúen as alimentación eléctricas cara os diferentes edificios.

Realizada unha auditoría da dita instalación, conclúise a necesidade de acometer a renovación dos dous centros de transformación, a instalación dun novo cadro xeral de baixa tensión, a renovación parcial das liñas eléctricas de derivación individual e a instalación dun grupo electrógeno de emerxencia. Ademais considérase conveniente a reforma dos cadros secundarios xerais de cada un dos centros e a adecuación xeral dos locais técnicos.

Visto o anterior, adxudicouse o contrato de redacción do proxecto de reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electrógeno na instalación eléctrica no Centro Príncipe Felipe á empresa Instec Vigo, SL (Resolución Presidencial nº 2024007245, do 13 de setembro de 2024). Finalizados os traballos de redacción, o servizo de Arquitectura está a supervisar o proxecto elaborado para a reforma e adecuación da instalación. Avaliada a financiación necesaria para a súa consecución, a dita actuación ascende a contía de 459.297,00 €.

No dito importe, contéplase o prezo base de licitación da obra, así como outros conceptos tales como a coordinación de seguridade e saúde, o control de calidade, entre outros.

Na aplicación orzamentaria 25/232.2312.632.03- Edificios, outras construcións e melloras, figura un crédito de 340.500,00 €

Visto o anterior, resulta preciso para a tramitación do correspondente expediente de obra o contar na aplicación 25/232.632.03 coa contía de 118.797,20 €

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais



- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial

En consideración do anterior, **trasládase a seguinte PROPOSTA:**

De modificación orzamentaria de suplementación de crédito a financiar con remanentes de tesourería, para a habilitación de crédito conforme o seguinte:

Aplicación	Actuación	Importe
25/232.2312.632.03	Obra de reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electrógeno na instalación eléctrica no Centro Príncipe Felipe	118.797,20 €

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.

INTERVENCIÓN.-



AVR/mmv

EXPEDIENTE	2025006253
ASUNTO	INFORME PROPOSTA PARA TRAMITACIÓN DE EXPTE. DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DE 2025 DO SERVIZO DE PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO
TRÁMITE	SOLICITUDE

Ana Vicente Rivas, xefa de servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, elabora o seguinte INFORME-PROPOSTA de suplementación financiada con cargo a remanentes de Tesourería para a contratación de desenvolvemento dun módulo software para o almacenamento físico na ferramenta de descrición documental da Deputación de Pontevedra (ATOM).

A contratación dos servizos de desenvolvemento para acadar a implementación dun módulo software que permita a xestión do almacenamento físico das unidades documentais e que se integre na propia ferramenta de catalogación documental da Deputación de Pontevedra, o aplicativo de código libre Atom. Polo tanto, demandando os servizos que permitan o desenvolvemento dunha funcionalidade evolutiva da actual ferramenta de descrición.

ATOM é un sistema de xestión arquivística de software libre e gratuíto que dispón por defecto dun módulo de “Almacenamento físico” moi básico e que funciona de xeito manual e de modo moi deficiente, impedindo o control das unidades de instalación almacenadas nos diferentes depósitos de forma áxil e efectiva.

Téntase con esta mellora desenvolver un módulo que permita a automatización do proceso de localización dos fondos nos diferentes depósitos, elaborar informes e detraer datos sobre espazos e ubicacións



dos diferentes materiais, así como a ordenación dos rexistros por signatura topográfica; elementos todos eles de moito interese e demanda e que a día de hoxe non se poden levar a cabo.

Considerando o anterior, trasládase a seguinte proposta de modificación orzamentaria de suplementación de crédito para financiamento con remanentes de Tesourería, para a habilitación de crédito conforme o seguinte:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	OBXECTO	IMPORTE
25/332.3322.227.90	Traballos Outras empresas. Programas servizos electrónicos	18.150€

Esta contratación repercutirá un gasto de 18.150€ (ive incluído) que se devengará da aplicación orzamentaria 25/332.3322.227.90 (*Traballos realizados por outras empresas. Mantemento programas servizos electrónicos*). Dita partida terá que verse incrementada con crédito extraordinario pola cantidade sinalada.

(Asinado dixitalmente)



EXPEDIENTE	2025006253
ASUNTO	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 2/2025
TRÁMITE	PROPOSTA DO SERVIZO DE TURISMO

O Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra ten a necesidade de realizar varias actuacións durante o exercicio 2025 para o correcto desenvolvemento dos fins previstos.

Os resultados de promoción turística acadados coa etapa de “*La Vuelta a España*” foron moi bos para o destino Rías Baixas, polo que neste exercicio plantease unha etapa desta carreira na provincia de Pontevedra para o que se precisa financiación.

O proxecto levado a cabo con Red.es rematará no mes de marzo polo que atendendo o sinalado no convenio é preciso levar a cabo un mantemento para o que non se fixaron as cantidades correspondentes no exercicio de 2025 é se precisa dotar financeiramente. Ase mesmo, froito dos traballos realizados na feira de Londres planteanse diferentes actividades de cara o ano 2025.

mediante a Ordenanza que regula a adhesión aos Rías Baixas Fest, está a levarse a caso a adhesión dun novo Festival, polo que é preciso ampliar o crédito dispoñible nesa aplicación.

As obras de rehabilitación do Palacete das Mendoza contan con retención de crédito por importe de 309.444,82 € e na aplicación orzamentaria dotouse con 20.000,00 €, polo que é preciso dotar a mesma con 98.000,00 €e para obter o importe total da obra e proceder a licitación.

Os gastos derivados das ditas actuacións son os seguintes:

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO
25/433.4320.226.20	140.000,00 €	Gastos de Promocion.
25/433.4320.223.23	20.000,00 €	Fomento do Turismo. Festivais
25/433.4320.227.99	150.000,00 €	Outros traballos realizados por outras empresas
25/433.4320.623.03	98.000,00 €	Obra Mantemento Palacete

PROPOSTA:

O importe total da modificación proposta ascende 408.000,00 € desagregada da seguinte forma:

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO
25/433.4320.226.20	140.000,00 €	Patrocinio La vuelta 2025
25/433.4320.223.23	20.000,00 €	Fomento do Turismo. Festivais
25/433.4320.227.99	150.000,00 €	Mantemento Tourist inside e outros
25/433.4320.623.03	98.000,00 €	Obra Mantemento Palacete

Nas aplicacións orzamentarias ás que debe imputarse o gasto non hai crédito suficiente dispoñible e as actuacións non se poden demorar ata o próximo exercicio.

Por todo o anterior, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do R.D Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, propónse a modificación de crédito sinalada, previo informe de Intervención e aprobación do Pleno da Corporación.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.



EXPEDIENTE	2025006253
ASUNTO	SOLICITUDE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO DO SERVIZO DE NOVAS TECNOLOXÍAS 2/2025
TRÁMITE	Informe para modificación orzamentaria (Suplemento de crédito)

FEITOS

O servizo de Novas Tecnoloxías necesita realizar durante o presente ano 2025 proxectos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte e non sendo suficiente a consignación de gastos do orzamento corrente precísase solicitar un suplemento de crédito.

INFORME

1. A relación de proxectos, os importes e a correspondente aplicación orzamentaria do servizo de Novas Tecnoloxías que se necesitan suplementar son as seguintes:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
25/926.9260.206.00	ARRENDAMENTO EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN • Solución Single Sign-On • Ampliación de licencias AutoCAD	20.000,00€
25/926.9260.222.00	SERVIZOS DE TELECOMUNICACIÓNS • Ampliación de servizos de telecomunicación: DDoS, SD-WAN	40.000,00€
25/926.9260.227.06	TRABALLOS R. POR OUTRAS EMPRESAS, ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS • Implantación dunha solución de asistente conversacional con IA para o Boppo (3 meses) • Servizo over-the-top (OTT) Deputación • Implantación dunha solución de administración electrónica para entidades locais (Vilanova de Arousa e Ribadumia)	363.000,00€
25/926.9260.227.23	TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS, MANTEMENTO EQUIPOS INFORMÁTICOS • Servizo de mantemento da aplicación RH-SP de xestión de RRHH e nómina da Deputación de Pontevedra	29.650,00€



	- Servizo de mantemento, asistencia e apoio á explotación do sistema de xestión económico-financeira SICAL C/S - Sistema de intrusión Castro Monteagudo - Servizo de mantemento de lectora óptica para corrección de exames	
--	---	--

Proponse, polo tanto a modificación de crédito descrita mediante un suplemento de crédito de conformidade co establecido no artigo 177 do R.D Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais.

- Por outra banda, con respecto á “contratación do servizo de evolución e xestión de Smartpeme+ e Oficinas de Acelera Pyme (OAPR)” expte nº 2024002269, trala a súa adxudicación debese minorar o RC nº 202500009411, da aplicación orzamentaria 25/926.9260.227.06, pasando de 1.431.078,90€ (inicial) a 1.121.196,35€ para o ano 2025. Para unha mellor clasificación do gasto deberase igualmente cambiar o funcional pasando da aplicación 25/926.9260.227.06 *traballos realizados por outras empresas, estudos e traballos técnicos*, á 25/926.4331.227.06 *traballos realizados por outras empresas, SmartPeme*, quedando como sigue:

25/926.4331.227.06 traballos realizados por outras empresas, SmartPeme	1.121.196,35€
--	---------------

Asinado dixitalmente ao marxe



Expediente	2025006253
Asunto	Modificación de crédito 01/2025
Trámite	Proposta de modificacións de crédito do servizo de Deportes

Aprobado o Orzamento Xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025 polo Pleno da Deputación, na sesión extraordinaria celebrada o 27 de decembro de 2024, constatouse que determinadas necesidades do Servizo de Deportes non foron contempladas na previsión inicial de crédito.

INFORMASE

Primeiro. Da necesidade de adecuar o orzamento do servizo implementando as aplicacións orzamentarias para dous programas de subvencións no ano 2025, debido á insuficiencia de crédito para a súa correcta execución:

- Ampliación de **130.000,00 €** na partida orzamentaria **340.3400.48101**, destinada ao programa para o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2025, así como á concesión das axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos con esta categoría.
- Ampliación de **12.000,00 €** na partida orzamentaria **340.3410.48902**, correspondente á subvención nominativa á Federación Galega de Automobilismo para o desenvolvemento do programa **"Talento Motor 2025"**.

Segundo. Da necesidade de engadir e suplementar a seguinte subvención nominativa:

- Á entidade **GALIEXPO FERIAS Y EVENTOS SL** (CIF: **B36945137**) para o desenvolvemento do proxecto **GaliExpo MotorShow 2025**, cun importe total de **5.000,00 €** na partida orzamentaria **340.3410.47901**.



SOLICITASE

Polo exposto e de conformidade coa normativa vixente en materia orzamentaria e financeira das administracións públicas, este Servizo solicita a inclusión das seguintes modificacións de crédito no expediente de modificación de crédito 01/2025, cos seguintes detalles:

Aplicación	Beneficiario/Finalidade	Importe
340.3400.48101	programa para o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2025 e da concesión das axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2025.	130.000,00 €
340.3410.48902	Subvención nominativa á Federación Galega de Automobilismo para o desenvolvemento do programa "+Talento Motor 2025	12.000,00 €
340.3410.47901	Subvención nominativa a GALIEXPO FERIAS Y EVENTOS SL (B36945137) para o desenvolvemento do proxecto GaliExpo MotorShow 2025	5.000,00 €

Firmado por: ANTONIO SANTOS GUERRA - ***3005**
Cargo: Xefe do servizo de Cultura
Data: 17/03/2025 11:49

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.



PROPOSTA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

Aprobado definitivamente o orzamento provincial é preciso modificar as seguintes aplicacións:

1. Na aplicación 25/330.3260.489.03 consignar a seguinte subvención nominativa:

CIF	Entidade	Obxecto e finalidade	Importe
Q-3600439-H	UNED	Cátedra UNED de integración regional, Unión Europea y América Latina	40.000,00 €

2. Na aplicación 25/330.3340.489.05 consignar as seguintes subvencións nominativas:

CIF	Entidade	Obxecto e finalidade	Importe
G-15.110.893	Federación Galega de Bandas de Música Populares	XVIII Certame galego de bandas de música	7.000,00 €
G-94114881	Asoc. Acordeonistas Estradenses	IV Festival de acordeóns Música no Camiño	15.000,00 €
G-36128296	Asoc. Cultural Cobres	Entroido de Cobres 2025	4.000,00 €
G-36017143	Asoc. de Veciños O Castro de Santa María de Mourente	Actividades da Festa do Caldo de Mourente	6.000,00 €
G-16840498	Fundación Mondariz Templo del Agua	Tradución a inglés da serie documental "Rosendo Salvado, aventura e misión dun galego en Australia"	6.000,00 €

2. Na aplicación 25/330.3340.479.01 consignar as seguintes subvencións nominativas:

CIF	Entidade	Obxecto e finalidade	Importe
A-36603314	Editorial Galaxia	Actividades 75 aniversario	20.000,00 €

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe



EXPEDIENTE	2025006253
ASUNTO	INFORME PROPOSTA PARA TRAMITACIÓN DE EXPTE. DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DE 2025 DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE
TRÁMITE	SOLICITUDE

Ante a necesidade de financiamento para realizar un convenio de colaboración coa Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas (ANFACO) relativo a reedición da publicación do libro *Las familias de la conserva* que non pode demorarse ata o exercicio seguinte, e non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, trasládase a seguinte proposta de modificación orzamentaria de suplemento de crédito para financiamento con remanentes de Tesourería, conforme ó seguinte cadro:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	OBXECTO	ENTIDADE BENEFICIARIA	IMPORTE
24/410.4190.489.01	Reedición da publicación <i>Las familias de la conserva</i>	ANFACO	20.000,00 €

A XEFA DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE,

Documento asinado dixitalmente

INTERVENCIÓN



EXPEDIENTE	2025006253
ASUNTO	INFORME PROPOSTA PARA TRAMITACIÓN DE EXPTE. DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DE 2025 DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE _ FINCA MOURISCADE
TRÁMITE	SOLICITUDE

Ante a necesidade de financiamento para a realización de diversos gastos para a mellora do funcionamento da granxa e o laboratorio da finca Mouriscade que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, trasládase a seguinte proposta de modificación orzamentaria de suplemento de crédito para financiamento con remanentes de Tesourería, conforme ó seguinte cadro:

Aplicación	Obxecto / xustificación.	Importes (IVE engadido)
410.4120.623.01	Renovación do actual sistema de dixestión para análise de minerais. Renovación do actual sistema de dixestión para análise de minerais. O laboratorio da Finca Mouriscade require a renovación do actual dixestor de microondas para mellorar a eficiencia e capacidade na preparación de mostras para a análise de minerais. Tras a recente instalación do novo analizador de minerais con tecnoloxía ICP, que presenta unha gran capacidade de análise faise necesario optimizar o proceso de dixestión de mostras para análises de minerais. Para iso é necesario dispoñer dun dixestor con maior capacidade e potencia. Actualmente, o equipo dixestor dispoñible presenta limitacións significativas en canto a capacidade e potencia, o que afecta negativamente a produtividade (ten unha capacidade máxima de 12 mostras por ciclo). Ademais a alta carga de traballo á que é sometido xera gran desgaste no mesmo provocando avarías recorrentes. A adquisición dun novo dixestor mellorará significativamente a capacidade de análise do laboratorio (ata 41 mostras nun só ciclo), reducindo os tempos de procesamento e garantindo unha maior calidade na preparación de mostras ao dispoñer dun dixestor con maior capacidade e potencia. Prevese a entrega do dixestor existente no centro.	14.000,00 €



410.4120.623.01	Adquisición dunha nova Centrífuga. A actual centrífuga é moi antiga (ano de compra 2007) e presenta unha capacidade limitada a 6 posicións. A adquisición dunha nova centrífuga permitirá optimizar o procesamento de mostras, reducindo os tempos de análises e mellorando a eficiencia do laboratorio. A compra da nova centrífuga permitirá: • Maior capacidade: Permite procesar un maior número de mostras simultaneamente e diferentes formatos de recipientes, optimizando o fluxo de traballo. • Maior eficiencia: Redución do tempo total de análise, facilitando a entrega máis rápida de resultados. • Tecnoloxía avanzada: Garante un mellor control de velocidade e temperatura, asegurando a calidade e repetitividad dos procesos. • Mellora na seguridade: Incorporación de sistemas de seguridade modernos para protexer tanto ao operador como as mostras.	11.000,00 €
410.4120.623.01	Adquisición de 4 incubadoras refrixeradas para microbioloxía. Para poder asegurar a correcta incubación dos diferentes microorganismos é necesario que as condicións dentro das incubadoras estean controladas de forma estrita. O control preciso da temperatura e o tempo de incubación é fundamental para garantir a fiabilidade e reproducibilidade dos resultados obtidos nas análises microbiolóxicas. Actualmente, o laboratorio require a adquisición de 4 incubadoras refrixeradas para completar todos os procesos de incubación realizados de maneira eficiente. A alta demanda de análise microbiolóxicas e a diversidade de microorganismos que deben ser incubados en condicións específicas fan imprescindible a incorporación destes novos equipos. A compra das novas incubadoras refrixeradas permitirá: • Maior capacidade de procesamento: Posibilitará a incubación simultánea dun maior número de mostras (permitindo programar incubacións en fin de semana). • Control preciso de temperatura: Garantirá condicións óptimas para cada tipo de microorganismo, asegurando a validez dos resultados. • Eficiencia operativa: Reducirá tempos de espera e optimizará os procesos de incubación. • Cumprimento normativo: Aliñase cos estándares de calidade e requisitos regulatorios aplicables no laboratorio.	27.000,00 €



410.4120.621.01	Preparación de pista para acondicionar pendiente e posteriormente recheo por capas de 50 cm para preparación de explanada (granxa)	2.347,40 €
410.4120.632.01	Reposición de soleira das becerras e o muro e soleira do separador (granxa)	12.720,25 €

A XEFA DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE,

Documento asinado dixitalmente

INTERVENCIÓN



ASUNTO	ORZAMENTO 2024: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO
TRÁMITE	Informe- proposta do Museo

A xefatura de xestión do Museo coa conformidade do Vicepresidente, no que a planificación orzamentaria do servizo se refire, de cara a xustificación dos gastos a efectuar que a continuación se relacionan, e que comparten a característica común, de que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para os que non resulta suficiente o crédito existente nas correspondentes aplicacións orzamentarias, elabora o presente

INFORME

1. -ADQUISICIÓN DE OBRAS DE ARTE

O Museo de Pontevedra ten prevista a adquisición de diversos fondos e obras de arte no ano 2024. Adquisicións que se realizarán con cargo a dotación inicial do orzamento para a vixente anualidade. Fóra desta previsión xurde a posibilidade de incrementar a colección existente de Valle-Inclán no Museo.

O incremento da dita colección de Valle-Inclán está composta por un extenso legado de documentación, pinturas, obxectos, roupa e mobiliario. O conxunto da colección valórase en 300.000,00€.

Aplicación orzamentaria	Importe
333.3330.689.02_ Adquisición de Fondos	300.000,00 €

2.- PROMOCIÓN E ORGANIZACIÓN DA BIENAL DE ARTE

A Bienal de Pontevedra nace como unha exposición con vocación de impacto internacional, isto conleva a que sexa preciso unha organización estendida no tempo e a mobilización de diversas obras ó longo da xeografía; ademais a posta en marcha da mesma conleva a numerosas creacións, acondicionamento de espazos, adquisición de materias primas, promoción, difusión, entre outros.

Polo exposto, e dadas as necesidades que xorden á presente data e próximo a inauguración da mesma, é preciso dotar o orzamento do Museo dos seguintes importes:

Aplicación orzamentaria	Importe
333.3341.226.02 Publicidade e propaganda (proxecto de gasto 24_0019)	120.000,00€
333.3341.226.99_ Outros (proxecto de gasto 24_0019)	60.000,00 €
333.3341.227.99_ Traballo realizados por outras empresas (proxecto de gasto 24_0019)	220.000,00€
TOTAL	400.000,00€



O incremento proposto fundaméntase en que inicialmente estaba proposto dotar, a través dun convenio con outra administración de 120.000,00€ a aplicación de publicidade e propaganda; e de 80.000,00€ a aplicación de traballos realizados por outras empresas. Resultando que finalmente non se levará a cavo o convenio de colaboración, é preciso dotar economicamente as distas aplicacións a fin de cumprir cos obxectivos fixados para a Bienal de Pontevedra.

Ademais xorden necesidades relativas a gastos correntes como é a prestación do servizo de vixilancia en diversos espazos que formarán parte da Bienal e que non son edificios do Museo ou a prestación dun servizo de limpeza nos ditos lugares, motivo polo que é preciso incrementar as aplicacións sinaladas no parágrafo anterior.

Por outra banda, é preciso incrementar a aplicación 333.3341.226.99 debido a que os custes relacionados cos/as artistas no relativo a desprazamentos e gastos é moi elevado atendendo ós custes actuais de mercado.

3- APORTACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DUNHA INVESTIGACIÓN SOBRE O DE IMPACTO ECONÓMICO DA BIENAL DE PONTEVEDRA E O SEU RETORNO

A Bienal de Pontevedra nace como unha exposición con vocación de impacto internacional, isto conleva a que sexa preciso unha organización estendida no tempo e a mobilización de diversas obras ó longo da xeografía; ademais a posta en marcha da mesma conleva a numerosas creacións, acondicionamento de espazos, adquisición de materias primas, promoción, difusión, entre outros.

Toda a súa organización e posta en marcha require unha inversión económica da cal se considera imprescindible levar a cabo unha exhausta investigación sobre a inversión e o retorno económico na provincia, estudando ó detalle o impacto económico da mesma.

A investigación sobre o impacto económico serve para medir a repercusión e os beneficios de inversións en infraestruturas, organización de eventos, así como calquera outra actividade susceptible de xerar un impacto socioeconómico.

Tendo en conta que a Universidade de Vigo é unha entidade de Dereito Público con personalidade e capacidade xurídica plenas e patrimonio propio, que realiza o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, asumindo e desenvolvendo as súas funcións ao servizo da sociedade entre as que se atopan a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico e que a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, pon a estas institucións ao



servizo da sociedade atribuíndolles, entre outras, funcións de creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura así coma de difusión, valorización e transferencia do coñecemento ó servizo da cultura, da calidade da vida, e do desenvolvemento económico, acordase establecer un convenio de colaboración coa dita entidade para o desenvolvemento dunha investigación sobre o retorno económico da Bienal na provincia de Pontevedra e o seu impacto na economía.

Polo exposto, e dadas as necesidades que xorden é preciso dotar o orzamento do Museo dos seguintes importes:

Obxecto	Importe
Creación dunha aplicación nova para a aportación á Universidade de Vigo para o desenvolvemento dun programa de investigación sobre o retorno económico da Bienal (proxecto de gasto 24_0019)	35.000,00€

4- SONDAXES ARQUEOLÓXICAS A DESENVOLVER EN SANTA CLARA

O 04/07/2024 a DXPC mediante resolución delegada autorizouse o proxecto básico para a rehabilitación e ampliación do recinto conventual de Sta. Clara para uso destinado ao museo de Pontevedra, condicionado, entre outros puntos, á realización dun proxecto arqueolóxico de escavación en área que inclúa amais a realización de sondaxes e control arqueolóxico segundo as zonas afectadas en base aos resultados dunha intervención previa realizada no ano 2022 no lugar, autorizada o 04/07/2022 co código CT 102A 2022/202-0.

O custe desta actuación estímase en 360.000,00€; actualmente foi redactado o anteproxecto e remitido para a súa conformidade á Patrimonio. Non obstante o proxecto presentado carece da relación nominal do equipo técnico previsto para o seu desenvolvemento , tanto da intervención arqueolóxica como do equipo de lectura de paramentos, equipo técnico e centros asociados cos estudos complementarios e tratamento de mostras.

Actualmente atópase en fase de redacción dos pregos para levar a cabo a contratación da execución das sondaxes arqueolóxicas a desenvolver en santa clara.

Conforme o recollido no anteproxecto, o custe do contrato estímase en 360.000,00€

Aplicación orzamentaria	Importe
333.3330.632.01 (proxecto de gasto 2022068178)	360.000,00 €



5.- REUNIÓN E CONFERENCIAS, ACTIVIDADE CULTURAL, SEMINARIOS, CONGRESOS

- Dotación inicial no orzamento do ano 2025: 90.000,00 €
- Aplicación orzamentaria: 333.3340.226.06

A programación cultural do Museo para o ano 2025 ten previsto no relativo á súa actividade cultural, seminarios, congresos, conferencias, etc un gasto estimado de 120.000,00€, inclúese a maiores do previsto na dotación inicial estimado nun custe de 30.000,00€

Aplicación orzamentaria	Importe
333.3340.226.06 _ Reunións e Conferencias	30.000,00€

CONSIDERACIÓN LEGAIS

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial

En base o exposto, e visto que os gastos a efectuar, non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para cales non resulta suficiente o crédito existente, o Museo de Pontevedra, co conforme do Vicepresidente e deputado delegado, INFORMA favorablemente a tramitación do expediente para a habilitación de crédito nas seguintes aplicacións orzamentarias, conforme o seguinte:

CONCPETO	APLICACIÓN	IMPORTE ESTIMADO POR APLICACIÓN
Reunións e conferencias, actividade cultural, seminarios, congresos	333.3340.226.06	30.000,00€
TOTAL CAPÍTULO II		30.000,00€
Promoción e organización da Bienal de Pontevedra	333.3341.226.99 Outros (proxecto de gasto 24_0019)	60.000,00€
	333.3341.227.99 _ Traballos realizados por outras empresas (proxecto de gasto 24_0019)	220.000,00€
	333.3341.226.02 Publicidade e Propaganda (proxecto de gasto 24_0019)	120.000,00€
TOTAL CAPÍTULO II – PROXECTO DE GASTO 24_0019		400.000,00€



Aportación á Universidade de Vigo para o desenvolvemento dun programa de investigación sobre o retorno económico da Bienal (proxecto de gasto 24_0019)	(proxecto de gasto 24_0019)	35.000,00€
TOTAL CAPÍTULO IV		35.000,00€
Adquisición obras de arte/ fondos	333.3330.689.02	300.000,00€
Realización de sondaxes arqueolóxicas en Santa Clara	333.3330.632.01 (proxecto de gasto 2022068178)	360.000,00€
TOTAL CAPÍTULO VI		660.000,00€

O que se traslada ós efectos oportunos.

En Pontevedra, na data da sinatura dixital

Firmado por: MARIA CRUZ FARTO JUSTO - ***8016**
Cargo: Xefa de xestión do Museo
Data: 18/03/2025 13:50

